







APARTADO H: OBXECTIVOS



H.1 INTRODUCCIÓN

A Política Agrícola Común (PEC) é unha política común en todos os países da UE que se dirixe fundamentalmente ao sector agrario e ao medio rural. As prioridades da PAC1 para o novo período son: simplificación e modernización, agricultura baseada no coñecemento, a definición de obxectivos máis ambiciosos en materia de medio ambiente e cambio climático e unha distribución máis xusta e eficaz das axudas destinadas a estados membros e agricultores.

Doutra banda, os principais cambios da PE PAC 2023-2027 respecto ao período anterior son:

1. Establecemento dun único PDR (Plan Estratéxico) por Estado membro con especificacións territoriais de cada CCAA
2. Nova PAC baseada na avaliación e a obtención de resultados. Os indicadores toman moita importancia para poder facer seguimento dos PDR e validar se están a cumprir cos obxectivos e necesidades detectadas.
3. Unha PAC máis verde, sostible e medioambientalmente responsable.
4. Unha PAC estruturada en 9 grandes obxectivos, aos cales os Plans Estratéxicos teñen que dar resposta.

H.1.1. Obxectivos da PAC

Coa reforma da PEC para o período 2023-2027, esta política pasa a ser unha política orientada á consecución de resultados concretos, vinculados aos obxectivos centrados nos tres piares da sustentabilidade (económicos, ambientais e sociais) que se complementan cun obxectivo transversal común, tal e como se mostra á táboa de Obxectivos da PEC 2023-2027.

H. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DA PAC 2023-2027			
E C O N Ó M I C O S	OE1	Promover unha renda viable	Promover unha renda viable e a reilencia das explotacións agrícolas da UE para mellorar a seguridade alimentaria
	OE2	Incrementar a competitividade	Promover a produtividade do sector agario mediante la innovación. Orientar e vincular o mercado en interrelacion co mercado exterior e a balanza comercial agroalimentaria. Promover a dixitalización e os avances tecnolóxicos par garantir a sostibilidade
	OE3	Reequilibrar o poder na cadea alimentaria	Mellorar a posición dos agricultores, dando valora a cadea alimentaria. Crear sinxerxias coa innovación, a transparencia e a loita contra a competencia desleal
A M B I E N T A I S	OE4	Actuar contra o cambio climático	Combatir o cambio climático a través da redución das emisións producidas pola actividade agrícola e gandeira. Actuacións na emisión de gases, adaptación ao cambio climático e uso da enerxía renovable
	OE5	Protección do Medio Ambiente	Promover o desenvolvemento sostible e a xestión eficaz dos recursos naturais, principalmente da auga, o sol e o aire
	OE6	Protección da Biodiversidade	Contribuir á protección da biodiversidade, potenciar o servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes.
R U R A I S	OE7	Promover o relevo xeracional	Promover o relevo xeracional atraendo agricultores mozos, facilitando o acceso ao desenvolvemento empresarial en zonas rurais
	OE8	Zonas rurais vivas	Promover a creación de centros de traballo, o crecemento, a inclusión social, e o desenvolvemento sostible nas zonas rurais. Actuar directamente sobre o crecemento agrario, a igualdade de xénero, o Desenvolvemento Local (LEADER), a bioeconomía, e o sector forestal
	OE9	Alimentos e saúde	Mellora a calidade dos alimentos e dar resposta as necesidades sociais en materia de alimentación mediante produtos sans, sostibles e respectuosos co benestar animal.
OBXECTIVO TRANSVERSAL			
	OT	Fomentar o coñecemento, a innovación e a dixitalización das zonas agrícolas, tratando as seguintes temáticas: formación, asesoramento, innovación e dixitalización, sistemas de coñecemento, innovación agrarias (AKIS), actuando sobre cada un dos obxectivos temáticos (económicos, medio ambientais e rurais)	

Estes 9 obxectivos son aos que se ten que dar resposta mediante os Plans Estratéxicos que cada estado membro ten que desenvolver. A proposta do Plan Estratéxico da PEC en España (PEPAC 2023-2027) define, para cada un dos 9 obxectivos específicos, as necesidades ás cales da resposta, as prioriza e define as intervencións para cada un dos mesmos.

H.1.2 . Necesidades as cales da resposta a intervención 7119: LEADER (Obxectivo específico 8)

O Obxectivo Específico 8 (OE8) trata de promover o emprego, o crecemento, a inclusión social e o desenvolvemento nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e as silvicultura sustentable coa finalidade de asegurar e fomentar a implementación dun desenvolvemento endógeno e a xeración de valor engadido asociado á metodoloxía participativa

A intervención Leader (7119) é unha das 13 intervencións definidas polo estado español para lograr o obxectivo 8. En concreto, trátase dunha intervención de cooperación que da resposta, de maneira máis ou menos directa, **ás 13 necesidades deste obxectivo**, e que reflectimos a continuación:

1. Permanencia e asentamento da nova poboación, mozos e mulleres
2. Sistemas agroalimentarios e forestais sostibles e diversificados
3. Emprendemento e talento innovador
4. Infraestruturas e servizos en áreas rurais
5. Desenvolvemento endógeno e xeración de valor engadido, asociados á metodoloxía participativa
6. Mellora dos colectivos en risco de exclusión social
7. Bioeconomía
8. Formación, divulgación e transferencia do coñecemento en bioeconomía
9. Xestión forestal sostible
10. Silvicultura preventiva, restauración de danos forestais, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo
11. Mellorar a dimensión física e económica de explotacións de mulleres
12. Incorporación de mulleres no sector agrario
13. Incorporación de mulleres en órganos de decisión do sector agrario e no mundo rural

Aínda que a principal necesidade á que da resposta O LEADER é a que implica o desenvolvemento endógeno e a xeración de valor engadido, asociados á metodoloxía participativa (N5), a través desta intervención é posible dar resposta a todas as necesidades do obxectivo 8, mediante as Estratexias de Desenvolvemento Local Participativas que executarán os Grupos de Desenvolvemento Rural, financiando proxectos en diversos ámbitos seguindo un enfoque bottom up.

H.2. NECESIDADES DETECTADAS NO PROCESO PARTICIPATIVO DA ELABORACIÓN DA EDL

Como resultado do proceso participativo da elaboración da matriz D.A.F.O , detéctanse unha serie de necesidades que reflectimos nas seguintes imaxes:

ÁREA TEMÁTICA	NECESIDADES DETECTADAS	
1.- AGROGANDEIRÍA E AGROALIMENTACIÓN	N.1.1	Facilitar o acceso á terra. Reorganización da superficie territorial das explotacións agrarias. Aplicación das figuras contempladas na Lei de Recuperación de terra agraria (permutas, polígonos agroforestais e aldeas modelo). Identificación dos sistemas e prácticas agrarias tradicionais e de alto valor natural na comarca
	N.1.2	Diversificación das explotacións agrogandeiras
	N.1.3	Fomento das producións ecolóxicas e diferenciadas
	N.1.4	Mellora da eficacia na implantación de sistemas de aforro enerxético nas explotacións agrarias
	N.1.5	Incentivar a seguridade e benestar animal
	N.1.6	Incorporación e permanencia das mulleres na actividade agraria
	N.1.7	Desenvolvemento de canles curtas de comercialización de produtos agrarios e promoción de centros de produción agraria de venda directa ó consumidor. Accións directas para a comercialización dos produtos dos sectores lácteo e cárnico.
	N.1.8	Mellora da cualificación profesional
	N.1.9	Bioeconomía
	N.1.10	Produtividade, competitividade e sostibilidade. Actividades de transformación ligadas á propia explotación agraria. Incremento do número de empresas transformadoras aproveitando o efecto que ten a actividade agroalimentaria sobre a produción primaria e modernización e ampliación da existentes
	N.1.11	Agrupación de produtores
	N.1.12	Fomento de hábitos de consumo saudables, da confianza dos consumidores e da seguridade alimentaria.
	N.1.13	Minimizar emisións GEI
2.- FORESTAL	N.2.1	Conservación e xestión de terreos forestais. Ordenación da propiedade do monte, a nivel de localización física das parcelas e deslindes, así como a identificación dos titulares. Planificación forestal a medio e longo prazo co desenvolvemento de plans de xestión e figuras contempladas na LRTA
	N.2.2	Aproveitamento das especies autóctonas, silvicultura preventiva, pastoreo e restauración de danos
	N.2.3	Prevención de incendios e redución da erosión.
	N.2.4	Diversificación da actividade forestal a través do aproveitamento da biomasa, a recolección de froitos do bosque, micoloxía, plantas medicinais e outras actividades (caza e pesca). Xestión forestal sostible
	N.2.5	Cooperación e colaboración entre empresas, produtores e/ou propietarios forestais. Polígonos agroforestais e mercado de carbono
3.- TURISMO	N.3.1	Cualificación e profesionalización de traballadores
	N.3.2	Incremento da oferta de aloxamento, restauración e servizos turísticos complementarios (turismo activo e de aventura)
	N.3.3	Apoiar a renovación do equipamento e instalacións dos aloxamentos existentes: apoio á eficiencia enerxética (sistemas de calefacción, de iluminación, etc.), á implantación de novas tecnoloxías (equipamento informático, programas de xestión, páxina web, banco de fotografías, etc.).
	N.3.4	Cooperación e colaboración entre as empresas do sector turístico para a defensa conxunta das súas necesidades
	N.3.5	Valorización de recursos de atracción masiva e singulares: camiño inglés de Santiago e senda verde Cerceda – Santiago e apoio á promoción turística comarcal
4.- EMPRESA E INNOVACIÓN	N.4.1	Formación e transferencia de coñecemento. Formación para o emprego programada desde o propio territorio, adaptada as características do medio rural e as necesidades das empresas rurais. Promover formación vinculadas a novos xacementos de emprego e dirixidas ao estímulo da iniciativa empresarial
	N.4.2	Capacitación en materia de xestión empresarial.
	N.4.3	Tecido empresarial máis produtivo e diversificado no sector servizos e industrial. Fomento da bioeconomía
	N.4.4	Implantación das NNTII nas empresas
	N.4.5	Redución da carga burocrática: simplificación de trámites e flexibilización da normativa de aplicación.

H. OBXECTIVOS

ÁREA TEMÁTICA	NECESIDADES DETECTADAS	
5.- TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E COMUNICACIÓNS	N.5.1	Dotar de chan industrial para a instalación de novas empresas nos municipios máis rurais
	N.5.2	Infraestruturas e servizos nas áreas rurais
	N.5.3	Apoiar os programas de atención á infancia, as mulleres e aos maiores, sobre todo nas zonas máis rurais.
	N.5.4	Conexión da zona rural a Internet e acceso á banda ancha, especialmente nos concellos máis rurais
6.- MEDIO AMBIENTE	N.6.1	Mantemento e mellora da paisaxe. Espazos naturais dotados dunha planificación e xestión sustentable.
	N.6.2	Protección da biodiversidade e mantemento e recuperación de hábitats. Cultivos e actividades tradicionais adaptadas ás condicións do medio. Agricultura e gandería extensiva
	N.6.3	Potenciar o aproveitamento dos recursos hídricos: ríos como motor de desenvolvemento.
	N.6.4	Redución do impacto do cambio climático e promover a adaptación ao mesmo. Estimular os investimentos en enerxías renovables respetuosos cos recursos naturais do territorio, así como a implantación de medidas de eficiencia enerxética
7.- CONTEXTO DEMOGRÁFICO, LABORAL E SOCIAL	N.7.1	Combatir o despoboamento. Redución da sangría demográfica, especialmente das zonas rurais da comarca e fomento do relevo xeracional. Permanencia e asentamento da poboación rural e novos poboadores, fundamente mozos e mulleres
	N.7.2	Acceso a servizos na zona rural máis desfavorecida en igualdade de condicións que as zonas urbanas
	N.7.3	Desenvolver un programa formativo para mozos e colectivos con dificultades de inserción, orientado a actividades tradicionais, recursos da zona e demandas do mercado de traballo
	N.7.4	Emprego consolidado en sectores non vinculados co primario
	N.7.5	Integración social. Mellora dos colectivos en risco de exclusión social
	N.7.6	Órganos de decisión e mulleres. Incorporación da muller as actividades empresariais e aos órganos de decisión das empresas
8.- PARTICIPACIÓN SOCIAL E XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO	N.8.1	Maíor participación da sociedade civil na xestión do desenvolvemento. Promover accións de dinamización para entidades asociativas. Fomento da metodoloxía participativa. Enfoque bottom up
	N.8.2	Comunicación e difusión das estratexias e accións de desenvolvemento rural
	N.8.3	Acción coordinada dos diferentes recursos para o desenvolvemento rural
	N.8.4	Desenvolvemento endógeno
	N.8.5	Dotar de puntos de encontro e reunión de asociacións nos núcleos rurais.
9.- CULTURA E OCIO	N.9.1	Incentivar a rehabilitación e mantemento do patrimonio cultural material e inmaterial
	N.9.2	Patrimonio cultural aproveitado con fins turísticos
	N.9.3	Equipamentos de lecer, deportivos e culturais en zonas rurais

Constátanse varias necesidades transversais que podemos resumir en: formación, asesoramento, innovación, dixitalización e sistemas de coñecemento.

H.3 OBXECTIVOS DA EDLP DO TERRITORIO DA COMARCA DE ORDES

A determinación dos obxectivos finais e intermedios da EDL da Comarca de Ordes baséase nas directrices comunitarias e estatais e na propia Estratexia da Comunidade de Autónoma de Galicia para o período 2023-2027.

Hai que ter en conta que non todos os obxectivos poderanse alcanzar plenamente coas limitacións (normativas, financeiras, etc.) que ten o Leader como ferramenta para afrontar as necesidades do medio rural. Se parte da premisa de que este programa (e

por tanto a EDLP) é un instrumento que se suma a outros recursos e ferramentas doutros ámbitos nunha estratexia integrada que tamén contribuirán á consecución dos obxectivos expostos

H.3.1 Delimitación de obxectivos

Resúmense a continuación o obxectivo xeral, os obxectivos específicos e os obxectivos operativos da Estratexia. O punto de partida fundaméntase nos datos extraídos dos indicadores, na minuciosa análise do ámbito a partir das lecturas DAFO, da análise de necesidades e do retorno das actividades dos procesos de participación cidadá que estableceron as necesidades e delimitaron as prioridades, relacionando as mesmas cos obxectivos do PEPACA, os ODS e os retos LEADER.

É tamén importante sinalar que os obxectivos que se expoñen neste Plan de Acción, prestaron especial atención aos que se propuxeron no anterior período, aproveitando así as iniciativas postas en marcha e que están en funcionamento, á vez que tamén se buscou facer novas propostas innovadoras dados os cambios socioculturais dos últimos anos.

Dese xeito delimítanse **un obxectivo xeral** para este territorio *“Conectar, visibilizar e impulsar iniciativas de reequilibrio e rexeneración do territorio, que conflúan nunha estratexia acorde aos retos comunitarios presentes e futuros e que permita un desenvolvemento territorial integrando as políticas da UE nas zonas rurais”,* **4 obxectivos específicos e 30 obxectivos operativos.**

O apartado 1, presente nos obxectivos específicos, e que corresponde á Gobernanza, supón un marco de referencia crave na xestión e implementación dos tres obxectivos que lle seguen: Social e Comunitario, Dinamización e Diversificación Económica e Patrimonio natural, arquitectónico e cultural . Neste sentido, a Gobernanza debe servir como trans fondo constante, permitindo ter en todo momento unha visión fresca e aberta, atenta ás dinámicas e innovacións externas e as necesarias actualizacións.

Pola súa banda, quíxose que as accións que se determinan respondan o enfoque SMART: as iniciativas expostas son concretas e específicas (S), medibles de acordo cuns indicadores (M), alcanzables tendo en conta os recursos de que se dispón (A), realistas en tanto que se axustan ás condicións e particularidades do ámbito (R), e definidas nun marco temporal concreto (T).

A seguinte táboa recolle un resumo xerárquico dos obxectivos da Estratexia, así como a súa conexión coas Necesidades Detectadas no proceso participativo de elaboración da EDL:

H. OBXECTIVOS



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS			CONEXIÓN COAS NECESIDADES DETECTADAS
	TEMÁTICA		OBXECTIVO	
OE1 GOVERNANZA Garantir a transparencia e a eficiencia na xestión	Referentes	OP1.1	Alinear a EDL coa Axenda Rural galega e coa PE PAC 2023-2027	N4.3
		OP1.2	Promover o desenvolvemento Local (LEADER)	
	Cooperación	OP1.3	Impulsar o traballo en rede con outras entidades. Busca de sinerxias na aplicación da EDL	N1.11
		OP1.4	Mellora da gobernanza e da participación social	
	Xestión	OP1.5	Flexibilizar e axilizar os trámites administrativos	N4.5
		OP1.6	Impulsar novos investimentos e regulacións para o territorio	N7.1
	Promoción e intercambio	OP1.7	Participar en redes e proxectos de intercambio a escala nacional e internacional	N2,5
OE2 SOCIAL E COMUNITARIO Mellorar a calidade de vida e os servizos á Comunidade	Servizos xerais	OP2.1	Mellorar os servizos xerais e reforzar as redes comunitarias. Dotar ao teritorio de novas infraestruturas e servizos á poboación	N5.2; N7.2; N9.3
	Acceso a terra	OP2.2	Facilitar o acceso á terra agraria mediante os instrumentos da LRTA	N1.1; N1.6
	Inclusión social e igualdade de xénero	OP2.3	Integración social. Mellora dos colectivos en risco de exclusión social e incorporacion da muller as actividades empresariais e aos órganos de decisión das empresas	N1.6; N7.3; N7.5; N7.6
		OP2.4	Promover un salario digno e unha renda viable	
	Sanidade	OP2.5	Mellorar a atención sociosanitaria , especialmente da xente maior	N5.3;
	Comunicacións	OP2.6	Impulsar a mobilidade sostible e mellorar a conectividade das TIC	N7.1
OE3 DINAMIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA Impulsar a actividade produtiva e xerar novas dinámicas económicas	Formación	OP3.1	Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio, a súa cempregabilidade e capacidade de emprendemento	N4.1; N1.8; N3.1; N7,3
		OP3.2	Potenciar a investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento	
	Tecido produtivo	OP3.3	Fomento da resiliencia do sector agrícola.. Promover un cambio de modelo no sector primario comarcal	N1.2; N1.3; N1.5; N2.4
		OP3.4	Reforzar o tecido produtivo, en especial as microempresas e as dedicadas á transformación do sector primario	
	Emprendemento e creación de emprego	OP3.5	Ofrecer soporte técnico e económico as novas empresas e emprendedores.	N4.6; N7.4
		OP3.6	Creación de pequenas empresas rurais que consoliden e/ou creen emprego	
	Competitividade	OP3.7	Promover sinerxias e redes que melloren a competitividade comercial dos produtos e servizos. Fortalecemento do comercio polo miúdo	N2.5; N3.4; N4.4; N5.4
		OP3.8	Aumento da competitividade do sector agroalimentario e forestal	
		OP3.9	Dixitalización e implementación NN.TT.II.	
	Infraestruturas	OP3.10	Dinamizar espazos de traballo compartido e potenciar as estruturas de asesoramento técnico	N5.1
	Oferta turística e gastronómica	OP3.11	Consolidar e ampliar a oferta turística e gastronómica a través de sinerxias empresariais. Oferta turística adaptada a demanda	N3.2; N3.3; N3.4; N3.5; N9.2;
OE4 PATRIMONIO NATURAL, ARQUITECTÓNICO E CULTURAL Posta en valor dos recursos propios	Entorno natural	OP4.1	Protexer o entorno natural e as actividades asociadas. Conservación de hábitats e da paisaxe	N1.1; N6.1
	Patrimonio	OP4.2	Conservar e revalorizar o patrimonio arquitectónico e cultural	N3.5; N9.1; N9.2
	Xestión Forestal	OP4.3	Impulsar a cultura forestal sostible	N2.1
	Medio Ambiente e sostibilidade	OP4.4	Actuar contra o cambio climático, protección do medio ambiente e da biodiversidade. Consumo racional dos recursos enerxéticos	N1.4; N1.13; N2.3; N6.2 e N6.4
		OP4.5	Produtos sans, sostibes e respetuosos co medio ambiente	
		OP4.6	Impulsar a transición enerxética e a bioeconomía	

H.4 INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DO NÍVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Considérase que os indicadores deben referirse non só ao seguimento dos obxectivos se non ao seguimento e a avaliación da Estratexia de Desenvolvemento no seu conxunto, polo que son tratados nun epígrafe concreto (K) que contempla o Plan de Seguimento da Estratexia.

VER EPÍGRAFE K: PLAN DE SEGUIMENTO E PLAN FINANCEIRO NO SUBEPÍGRAFE K.1 Plan de Seguimento e Avaliación.